

**SENDA PEONIL NA PO-407
(PORRIÑO)**

CLAVE: PO/22/206.06

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a construción dunha senda peonil na marxe dereita da estrada PO-407 entre os puntos quilométricos (P.Q.) 0+130 e 1+020 no concello de O Porriño (Pontevedra), coa finalidade de mellorar e fomentar a mobilidade peonil na zona.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-407 é unha Estrada Convencional da Rede Local da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

A actuación consistirá na construción dunha senda peonil e ciclista na marxe dereita da estrada PO-407, xunto coas seguintes actuacións complementarias:

- Acondicionamento das paradas de autobús dos P.Q. 0+280 e 0+960.
- Adaptación da rede de drenaxe á nova sección transversal da vía. Axuste de cota de sumidoiros, pozos ou arquetas existentes.
- Execución de canalización para comunicacións baixo a senda e instalación de bandexa exterior ancorada a varanda na zona da estrutura existente. Protección con recheo de formigón da canalización existente na estrutura.
- Reposición ou execución de sinalización vertical e horizontal, instalación de balizamento e recolocación de defensas.
- Nova localización dos contedores de residuos.
- Muros de apoio de perpiaños. Retranqueo e reconstrución de noiro.

4. Características técnicas

Sección tipo: senda de 1,80 m de ancho mínimo + bordo de formigón 22x15 cm. Na entorna do P.Q. 0+750 existe unha estrutura que fai que o ancho da senda varie entre 1,70 m e 0,90 m. A elevación da senda con respecto á rasante da calzada será 10 cm.

Firmes e pavimentos:

- Senda: 16 cm formigón vibrado HF-3,5 cor terrizo reforzado con maiazo 150x150/Ø10 mm (agás nas zonas de estrutura que terá 5 cm de espesor e nos accesos será de 20 cm de formigón armado) + 26 cm terreo seleccionado.

Nos vaos peonís colocase pavimento táctil de botóns ou direccional de baldosas de 30x30 cm, sobre unha base de formigón.

Antes da construción da senda, demolerase o firme existente, pavimento de formigón ou gabia, ata a profundidade necesaria. Onde sexa necesario escavar o terreo ata unha profundidade de 30 cm, disporase despois un recheo de terra seleccionada e posteriormente executarase a senda de formigón.

- Firme ampliación de plataforma (P.Q. 0+280: proxecto dunha parada de autobús, P.Q. 0+610: acondicionamento dunha entrada a unha parcela): 5 cm mestura bituminosa en quente (MBQ) AC 16 surf BC 50/70 S + rega de adherencia C60B3 TER + 25 cm formigón en masa HM-25 (dos que se derrubarán os últimos 5 cm e reporán con MBQ AC 16 surf BC 50/70 S + 20 cm saburra artificial).

Canalización de comunicación e iluminación: instalación baixo a senda dun prisma de telecomunicacións e iluminacións composto por 4 tubos de PVC de Ø63 mm e 2 tubos de PE de Ø90 mm, embebidos nun dado de formigón HM-20, de 45x49 cm.

Drenaxe: execución dunha canalización subterránea: colector de PVC de Ø400 mm conectado á rede existente, sumidoiros e pozos de rexistro. Execución dun drenaxe subterráneo, en paralelo ao colector, para captar as augas subterráneas infiltradas a través do firme ou das marxes. Retirada e conexión de dous sifóns existentes, para traslado da auga dun extremo ao outro da vía. Execución dunha arqueta no P.Q. 0+610, para dar continuidade a senda sobre a canle de augas pluviais existente.

5. Unidades principais de obra

Desmante ou escavación en terreo sen clasificar	1.458,50 m ³
Recheo localizado con terras seleccionadas (préstamos)	741,50 m ³
Pavimento de formigón coloreado HF-3,5 con maiazo (20 cm)	450,00 m ²
Pavimento de formigón coloreado HF-3,5 (16 cm)	1.550,00 m ²
Bordo tipo senda prefabricado 22x15 cm	900,00 m
Formigón para reposición en zanxa ou ampliación de calzada	190,05 m ²
Sumidoiro clase D-400 de 0,50 x 0,30 m	38,00 ud
Pozo de rexistro Ø=1000 mm para tubos hasta Ø=600	39,00 ud
Gabia drenante de ata 1 m de ancho x 1 m de alto	730,00 m
Tubo de PVC Ø400mm SN8	645,00 m
Prisma de canalización con 4 tubos de PVC	860,00 m
Canalización 2 tubos corr. PE p/electr. Ø=90 mm	860,00 m
Bandexa de conducións eléctricas e/ou teleco.	40,00 ud.
Muro de perpiaño	144,32 m ³
Varanda de protección de perfil de aceiro tubular	35,00 m

6. Poboación Servida

O Porriño hab. 20.562

TOTAL: 20.562 hab.

7. Concellos Afectados

O Porriño

8. Expropiacións

Parcelas afectadas	32 no concello de O Porriño
Expropiación de terreos	4.062,00 €
Bens afectados	544,09 €
Premio de afección	230,30 €
TOTAL	4.836,39 €

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de OITO (8) meses.

10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	419.442,68 €
Orzamento total de Expropiacións	4.836,39 €
Orzamento para coñecemento da administración	424.279,07 €

11. Orzamentos por concello


<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
O Porriño	PO-407	424.279,07 €	100

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIONES


SENDA MIXTA PEATÓN-CICLISTA DE HORMIGÓN
ESCALA 1:30



FIRME EN AMPLIACIÓN DE
ESCALA 1:30




A DE SLURRY COLOREADO
1:30



SENDA MIXTA PEATÓN-CICLISTA DE HORMIGÓN Y
PROTECCIÓN DE TUBERÍA EXISTENTE
ESCALA 1:30

SECCIÓN 2



SENDA MIXTA PEATÓN-CICLISTA DE HORMIGÓN SOBRE MURO DE PERPIAÑO
ESCALA 1:30

